

ORDENANZA FISCAL Número 23
REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Artigo 1º.- NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE

De conformidade co previsto nos artigos 78 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o imposto sobre actividades económicas, é un tributo obrigatorio, directo e de carácter real, que grava o simple exercicio, en territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, exérzanse ou non nun local determinado e atópense ou non especificadas nas tarifas do imposto.

Artigo 2º.- EXENCIONES

- 1.- Están exentos dos imposto os suxeitos pasivos previstos no artigo 82.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- 2.- As exencións especificadas nas letras e), f) do devandito artigo 82.1, terán carácter rogado.

Artigo 3º.- BONIFICACIONES

Ademais das bonificacións previstas no artigo 88.1 do Real decreto legislativo 2/2004, os suxeitos pasivos deste imposto terán dereito ás bonificacións seguintes:

1.- Os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que incrementen, no termo municipal, en máis dun 10% a media do seu cadro de persoal con contrato indefinido durante o período impositivo inmediato anterior ao da aplicación desta bonificación, beneficiaranse dunha bonificación por creación de emprego do 50% da cota resultante de aplicar, no seu caso as bonificacións a que se refire o artigo 88.1 do Real decreto legislativo 2/2004.

Se o termo medio de incremento do cadro de persoal con contrato indefinido fose inferior ao 10%, a bonificación a aplicar será do 25%, sempre que cumpran algunha das seguintes condicións:

a) Que realice un contrato indefinido a dous traballadores pertencentes a algún dos seguintes colectivos:

- Traballadores que realizasen cursos de formación no Centro Municipal de Formación de Oleiros.
- Mulleres, en sectores de emprego con menor índice de emprego feminino.
- Parados cunha antigüidade mínima dun ano en situación de desemprego, rexistrado nas Oficinas Públicas de Emprego de Galicia.
- Persoas maiores de corenta anos.
- Persoas menores de vinte e seis anos.
- Discapacitados con minusvalía igual ou maior ao 33%.

b) Que se trate de actividades empresariais que creen ou manteñan cada ano, polo menos cinco empregos netos con contrato indefinido.



E todo caso a bonificación aplicárase ao centro de traballo no que se incrementase o cadro de persoal con contratos indefinidos para a actividade pola que está dado de alta o centro no imposto de actividades económicas.

Estas bonificacións terán carácter rogado, debendo solicitarse durante o primeiro trimestre do exercicio ao que vaian aplicarse. As solicitudes presentadas fóra do dito período producirán efectos para o exercicio seguinte.

Xunto coa solicitude de bonificación presentárase copia compulsada dos contratos de altas ou dos documentos de cotización á Seguridade Social.

Unha vez recibidas as solicitudes polo Departamento de Xestión Tributaria do Concello, as remitirá xunto coa documentación que as acompaña aos Servizos Municipais de Emprego quen remitirá un informe sobre a súa concesión. Unha vez recibida a documentación e o informe polo Departamento de Xestión Tributaria, resolverá as solicitudes.

2.- Bonificación a actividades económicas declaradas de especial interese ou utilidade municipal por fomento do emprego

2.1. En base ao establecido no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais, establécese que terán dereito a unha bonificación os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que implanten unha nova actividade económica ou empresarial, cando esa actividade económica fora declarada polo Alcalde, segundo os criterios fixados polo Pleno, de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, sempre e cando impliquen creación de emprego e se implanten en solares vacantes dos ámbitos urbanísticos que se sinalan a continuación:

-SUNP I-33-R Industrial de Iñás.

-SUNP I-3-R (Iñás).

-SUNP A-32 e 2-A Xesta.

-Parcelas de solo urbano consolidado Ordenanza 8 do PGOM: Solo urbano industrial na intersección de Rúa das Ondas e Avenida das Mariñas (Perillo), solares de uso industrial na Urbanización Icaria (Rúa Icaro e Vulcano), solares na Rúa dos Álamos intersección coa Avenida das Mariñas e solares na Rúa Anade Real.

-POL-13 Bastiagueiro (Terciario).

-SUND D 15 R en Romardeiro.

-SUNP B 14 R Pazo de Lóngora.

-E en xeral as parcelas vacantes resultado de desenvolvementos urbanísticos de uso industrial e terciario en exclusiva.

A bonificación aplicárase á cota resultante de ter en conta, no seu caso, as bonificacións a que se refire o apartado 1 do mencionado artigo 88 do Texto refundido e as establecidas nesta Ordenanza fiscal.

En todo caso a bonificación aplicárase á cota do imposto referida a actividade que se desenvolva no local no que se incremente o cadro de persoal con contratos indefinidos iniciais, como consecuencia da implantación de actividade económica ou empresarial.

En caso de desenvolverse varias actividades no local unicamente poderá solicitar a bonificación respecto dunha delas.

Os traballadores afectados polos novos contratos de traballo deberán estar afectos á actividade das novas empresas, respecto do novo local.

2.2. Establécense os seguintes **tramos de bonificación**:

- Pola creación de ata 7 postos de traballo, o 50%.
- Pola creación de 8 a 10 postos de traballo, o 60%.
- Pola creación de 11 a 13 postos de traballo, o 75%.
- Pola creación de 14 a 16 postos de traballo, o 80%.
- Pola creación de 17 a 19 postos de traballo, o 85%.
- Pola creación de 20 postos de traballo, o 90%.
- Pola creación de máis de 20 postos de traballo, o 95%.

2.3.- O prazo de aplicación desta bonificación, será como máximo de tres períodos impositivos.

Tendo en conta o establecido no artigo 82.1 apartado b) do TRLRFL, no que se indica “que están exentos os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividade en territorio español, durante os dous primeiros períodos impositivos deste imposto no que se desenvolva aquela”; aplicárase a primeira vez no terceiro período impositivo, contado dende a data de autorización de inicio da actividade económica ou empresarial.

2.4.- Non se considera creación de emprego:

- a) As contratacións de traballadores que tiveran relación laboral coa empresa ou grupo de empresas, que se atopen afectadas por procesos de fusión, absorción, cambio de denominación, sucesións ou circunstancias similares.
- b) As contratacións derivadas de traslados ou de movementos de persoal dentro da empresa ou do grupo de empresas, sexa da mesma ou de distinta actividade, dentro do termo municipal de Oleiros.

2.5.- Para o goce desta bonificación, os interesados presentarán dentro do primeiro trimestre que corresponda o pago efectivo do imposto, un escrito dirixido ao Alcalde solicitando a aplicación da bonificación, acompañado da seguinte documentación asinada polo representante legal da empresa:



- a) Resolución de declaración de actividade económica ou empresarial de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento.
- b) Declaración censal do IAE ou certificación da Axencia Estatal de Administración Tributaria que acredite a data de inicio da actividade no termo municipal, no centro de traballo obxecto de bonificación.
- c) Autorización de apertura do local.
- d) Declaración responsable no que indique a relación nominal mes a mes dos contratos indefinidos iniciais efectuados exclusivamente para o centro de traballo obxecto de bonificación realizados dende á data de autorización de inicio da actividade no local ata o mes de decembro do exercicio anterior ao que corresponde o pago efectivo do Imposto distinguindo entre os contratos a xornada completa e os contratos a xornada parcial, indicando o número de horas de cada un deles, acompañada da documentación xustificativa da mesma (informe de vida laboral do código conta de cotización....) e declaración xurada conforme os novos contratos non se corresponden cos supostos aos que se refiren os apartados a), e b) do apartado 2.4 deste artigo.

O Concello reservarase o dereito de solicitar tanta documentación sexa necesaria para a verificación da creación e o mantemento de emprego que da lugar a aplicación da bonificación regulada nesta ordenanza.

A comprobación da creación de emprego realizarase polo Departamento de Xestión Tributaria, previo informe dos Servizos Municipais de Emprego, tendo en conta a media de contratacións indefinidas iniciais realizadas dende a data da autorización da apertura da actividade no local ata o mes de decembro (incluído) do ano anterior ao que corresponde o pago efectivo do Imposto.

No suposto de contratos a tempo parcial, a creación do emprego computarase de forma proporcional á xornada de traballo a tempo completo. Si do resultado do cómputo se chegara a un número decimal, este redondearase ao número enteiro máis próximo.

O Alcalde-Presidente outorgará a bonificación se procede.

2.6.- O goce da bonificación no segundo e terceiro exercicios queda condicionado ao mantemento das condicións que se cumpriron para o seu outorgamento.

Para realizar a comprobación do mantemento do emprego terase en conta a media dos contratos indefinidos existentes no ano natural anterior (de 1 de xaneiro a 31 de decembro).

Aportarase polo representante legal da empresa, dentro do primeiro trimestre do ano ao que se refira a bonificación, a documentación a que se refire o apartado d) do punto 2.5 anterior, correspondente ao ano natural anterior.

Non obstante, no caso de producirse variacións no número de postos de traballo, en relación aos que se tiveron en conta no momento de outorgar a bonificación para o primeiro ano, procederase da seguinte maneira:

- a) Si se mantén o número de postos de traballo ou o aumento ou diminución permite o mantemento no mesmo tramo, acordarase a bonificación nos termos iniciais.
- b) No caso de que o incremento de postos de traballo de lugar a un cambio no tramo de bonificación, acordarase a porcentaxe que lle corresponda a ese novo tramo.

c) No caso de que a diminución de postos de traballo de lugar a un cambio no tramo da bonificación, acordarase a porcentaxe que corresponda ou a perda da mesma se é o caso.

2.7.- Esta bonificación poderá solicitarse respecto de novas actividades instadas durante os cinco anos seguintes a contar dende a entrada en vigor da modificación deste artigo, aprobada por Pleno de data 30 de xuño do 2021.

Artigo 4º.- COEFICIENTES DE SITUACIÓN

1.- Para os efectos previstos no artigo 87 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, LRFL, as vías públicas deste municipio clasifícanse en tres categorías fiscais. Anexo a esta ordenanza figura o índice das vías públicas segundo a categoría fiscal que lle corresponde e na parroquia onde se atopan cada unha delas.

2.- As vías públicas que non aparezan sinaladas no índice antes mencionado serán consideradas de última categoría, e quedarán na devandita clasificación ata o primeiro de xaneiro do ano seguinte a aquel en que o Pleno desta corporación aprobe a categoría fiscal correspondente e a súa inclusión no índice de vías públicas.

3.- Sobre as cotas incrementadas por aplicación do coeficiente sinalado no artigo 86 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo e atendendo á categoría fiscal da vía pública onde radica fisicamente o local en que se realiza a actividade económica, establécense os seguintes coeficientes de situación:

Categoría fiscal das vías públicas	1ª	2ª	3ª
Coeficiente de situación aplicable	1,5	1,3	1,0

4.- O coeficiente de situación aplicable a calquera local vén determinado polo correspondente á categoría da rúa onde estea situado o acceso e, de haber varios, aquela que teña o índice máis alto.

Artigo 5º.- PERÍODO IMPOSITIVO E DATA DE ESIXIBILIDADE DO IMPOSTO

1.- O período impositivo coincide co ano natural, agás cando se trate de declaración de alta. Neste caso abranguerá desde a data de comezo da actividade ata o final do ano natural.

2.- O imposto será esixible desde o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreducibles, salvo cando, nos casos de declaración de alta, o día de comezo da actividade non coincida co ano natural. Neste suposto, as cotas calcularanse proporcionalmente ao número de trimestres naturais que resten para finalizar o ano, incluído o do comezo do exercicio da actividades.

3.- Así mesmo, e en caso de baixa por cesamento no exercicio da actividade, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel en que se produza o dito cesamento. Para este fin, os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente aos trimestres naturais en que non se exerce a actividade.

4.- A pesar do que dispoñen os parágrafos anteriores, nos supostos de fusión, escisións e achega doutras ramas de actividade regulados no capítulo VIII do título VII do Real decreto legislativo



4/2004, do 5 de marzo (texto refundido da Lei reguladora do imposto sobre sociedades), as declaracións de alta e baixa que presenten respectivamente as entidades que inicien ou cesen o exercicio da actividade producirán efectos a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel en que se produza a fusión, escisión ou achega de rama de actividade de que se trate. En consecuencia, respecto ao ano en que teña lugar a operación non se procederá á devolución ou ao ingreso derivados do pro rateo das cotas polos trimestres durante os cales estas entidades realizaran efectivamente a actividade.

Artigo 6º.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Todas as referencias efectuadas na Ordenanzas Fiscais aos índices de situación regulados na ordenanza Fiscal do Imposto sobre Actividades Económicas mediante a anterior redacción do artigo 89 de LRFL, entenderanse efectuadas ao coeficiente regulado no artigo 88 de dita Lei 39/1988, LRFL, na súa redacción vixente, así como na vixente Ordenanza Fiscal número 23 Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

A tenor do disposto na disposición Final , en particular no seu apartado 2, da Lei 51/2002, de 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en tanto non se dicten polo Ministerio de Fachenda as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación da devandita Lei 51/2002, delégase na Alcaldía ou na persoa en quen esta teña delegado, a modificación, que se fixa na Ordenanza Xeral de Xestión e Recadación, do prazo de cobranza en período voluntario do citado imposto correspondente ó período impositivo do 2003.

ANEXO DE DIVISIÓN DAS VÍAS PÚBLICAS DO TERMO MUNICIPAL EN ZONAS, CO FIN DE ESTABLECER O ÍNDICE DE PONDERACIÓN DA SITUACIÓN FÍSICA DO LOCAL, REGULADO NO ARTIGO 87 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS, DE CONFORMIDADE CO SINALADO NO ARTIGO 4 DESTA ORDENANZA, REGULADORA DO IAE

ZONA PRIMEIRA

"Parroquia de Perillo"

Avda. das Mariñas

Rúa dos Prados

Avda. Sta. Cristina

Rúa do Peixe

Rúa Xuncal

Rúa Humboldt

Rúa Linneo

Rúa da Mazota

Rúa Víctor López Seoane

Rúa Mendel

Rúa Miguel Servet

Avda. das Américas



CONCELLO DE OLEIROS
Xestión Tributaria/Recadación

Ordenanza 23

Impostos Actividades
Económicas (IAE)

Rúa Darwin
Rúa Rafael Alberti
Pza. Charles Darwin
Pza. Chico Mendes
Rúa do Inglés

"Parroquia de Liáns"

Avda. das Mariñas
Rúa do Mar
Rúa Viñas de Babilonia (dende o número 3 ata Rúa do Mar)
Rúa Icaro
Rúa Poseidón
Praza Atenea
Rúa Eolo
Rúa Zeus
Rúa Pegaso
Rúa do Sendeiro

"Parroquia de Oleiros"

Praza de Galicia

"Parroquia de Nós"

Avda. das Mariñas
Rúa Benito Vicetto

"Parroquia de Iñás"

Avda. das Mariñas
Rúa Fonte do Ouro (do nº 8 ao 32, só pares)
Rúa Soneira
Rúa O Barbanza
Rúa O Salnés
Rúa O Morrazo
Rúa do Estío (do nº 1 ao 7, só impares)
Rúa do Faro (nº 2 e 4)
Rúa Bergantiños
Avda. Espoz y Mina, nº 2
Rúa das Silvas, nº 6 e 13
Rúa Manuel Quiroga Cornes

Índice de situación aplicable á Zona Primeira:1.5

ZONA SEGUNDA

"Parroquia de Perillo"

Avda. Ernesto Che Guevara
Avda. Rosalía de Castro
Camiño do Areal ata o cruzamento coa Avda. das Mariñas
Praza dos Areeiros

"Parroquia de Liáns"

Bastiagueiro Praia



CONCELLO DE OLEIROS
Xestión Tributaria/Recadación

Ordenanza 23

Impostos Actividades
Económicas (IAE)

Avda. Concepción Arenal
Rúa Eduardo Pondal
Rúa Daniel Castelao
Rúa Ricardo Cubeiro
Rúa do Repicho
Praza de Liáns
Rúa Neveda
Avda. Emilia Pardo Bazán
Rúa Garrucha
Rúa Viñas de Babilonia
Rúa Suárez Picallo
Rúa Eduardo Blanco Amor
Rúa Santiago Alvarez
Rúa Francisco Comesaña
Rúa Rafael Dieste
Praza do Exilio
Rúa Enrique Lister
Praza da Emigración
Rúa Maria Casares
Rúa Dolores Ibarruri
Rúa María Soliña

"Parroquia de Dorneda"

Rúa do Aro

"Parroquia de Maianca"

Rúa Curros Enríquez
Paseo da Lagoa
Rúa da Braña

"Parroquia de Serantes"

Paseo da Lagoa
Rúa Cividanes
Rúa Celso Emilio Ferreiro, ata o número 32 inclusive
Rúa Doctor Fleming
Rúa das Escolas

"Parroquia de Dexo"

Rúa do Golfiño, desde a Casa do Pobo de Lorbé ata o límite co Concello de Sada
Rúa do Portelo

"Parroquia de Oleiros"

Rúa Francisca Herrera
Avda. Ramón Nuñez Montero, ata o cruzamento con Rúa das Torres
Rúa Eugenio Pardo Conchado
Praza da Rabadeira
Rúa Miraflores
Rúa Camilo Díaz Baliño
Rúa Xose Ruibal
Rúa do Obelisco
Rúa das Olas



CONCELLO DE OLEIROS
Xestión Tributaria/Recadación

Ordenanza 23

Impostos Actividades
Económicas (IAE)

Rúa Leticia
"Parroquia de Nos"
Rúa Salvador de Madariaga
Rúa Pascual Veiga
Rúa Mahatma Gandhi
Rúa Francisco Giner de los Ríos
Avda. Salvador Allende, ata Rúa Fco. Añón Paz
Avda. Miguel Hernández

Índice de situación aplicable á Zona Segunda: 1,3

ZONA TERCEIRA

Resto do Concello

Índice de situación aplicable á Zona Terceira: 1,0

DISPOSICIÓN ADICIONAL.- DERROGADA

DILIXENCIA para constatar que:

O texto orixinal da presente Ordenanza Fiscal, redacción provisional aprobouse polo Pleno da Corporación en Sesión celebrada o 19 de decembro de 1991, publicouse no B.O.P. Nº 94 de 25 de abril de 1.992.

Por Pleno de data 4 de xuño de 1.992 modificáronse os artigos 6º e 7º.

Por Pleno de data 4 de xuño de 1.992 aprobase o anexo de división das vías públicas do termo municipal en zonas, publicándose o seu texto íntegro no B.O.P Nº 207 de 8 de setembro de 1.992.

Por Pleno de data 29 de decembro de 1994 modifícase o anexo da Ordenanza e engádese novo índice de situación, publicándose o seu texto íntegro no B.O.P. nº 63 del 17 de marzo de 1.995

Por Pleno de data 11 de novembro de 1998 modifícase o anexo da Ordenanza, publicándose o seu texto íntegro no B.O.P. nº 299 do 31 de decembro de 1.998.

Por Pleno de data 21 de marzo de 2003 , modifícase substancialmente o contido desta Ordenanza, publicándose o seu texto íntegro no B.O.P. nº.: 129 de data 7 de Xuño de 2003. Comezará a rexer o día un de xaneiro de dous mil tres, e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

Por Pleno de data 25 de setembro do 2008 modificáronse os artigos 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º, anexo de división de vías públicas e incorporouse unha disposición adicional, publicándose os seus textos no BOP Nº 285 de 12 de decembro do 2008.

Por Pleno de data 29 de setembro do 2011 derogouse a disposición final con efectos 1/1/2012. Acordo publicado definitivamente no BOP Nº 241 de data 21 de decembro do 2011.

Por Pleno de data 25 de setembro do 2008 modificáronse os artigos 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º, anexo de división de vías públicas e incorporouse unha disposición adicional, publicándose os seus textos no BOP Nº 285 de 12 de decembro do 2008.



CONCELLO DE OLEIROS
Xestión Tributaria/Recadación

Ordenanza 23

Impostos Actividades
Económicas (IAE)

Por Pleno de data 28 de xuño do 2018 modificouse o artigo 3º, publicándose o seu texto no BOP Nº 202 de 23 de outubro do 2018.

Por Pleno de data 30 de xuño do 2021 modificouse o artigo 3º, publicándose o seu texto no BOP Nº 164 de data 30 de agosto do 2021.